

MARZO 2021

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadia media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Marzo 2021

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20
VIAXEIROS	1.735.172	-34,7%	85.795	-4,1%
NOITES	3.521.656	-57,9%	174.298	-3,9%
ESTADÍA MEDIA	2,03	-35,6%	2,03	0,3%
% OCUPACIÓN	19,32%	-9,93	14,41%	-0,05
% OCUPACIÓN Fds	22,93%	-9,64	16,45%	1,80

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

No mes de marzo continúa en vigor o estado de alarma declarado o 25 de outubro do pasado ano, manténdose por tanto o toque de queda e as restricións de mobilidade entre as comunidades autónomas, entre outras medidas de control. Neste momento Galicia está saíndo gradualmente da terceira onda da pandemia que afectou notablemente á comunidade en xaneiro e febreiro e, en consecuencia, vanse tomando medidas de apertura gradual da hostalería, ampliación de horarios, mobilidade entre áreas sanitarias e concellos da comunidade e, en xeral, avánzase no proceso de desescalada en paralelo coa mellora dos datos epidemiolóxicos.

Este contexto de apertura gradual coincide coa celebración de dúas festividades que noutras circunstancias terían un impacto notable na actividade turística pero que, por mor da situación actual, ficaron con menores consecuencias: a ponte de San Xosé e o inicio da Semana Santa. En todo caso, a partir de agora a comparativa en termos interanuais cambia. Na análise dos datos deste mes debemos ter en conta que xa pasou un ano do inicio da pandemia e, por tanto, a pesar das circunstancias diferentes, ambos meses de marzo están condicionados polo efecto da Covid19. Desta maneira compárase un mes con actividade normal na primeira metade e peche absoluto na segunda quincena –marzo de 2020- con un mes de desescalada, medidas restritivas de mobilidade e apertura parcial dos negocios turísticos –marzo de 2021-.

Neste contexto o INE estima que en marzo abriron en Galicia 976 establecementos hoteleiros –dos 1.052 que o fixeron no mesmo período do pasado ano- que ofertaron un total de 38.945 prazas –das 40.380 de marzo de 2020-.

Isto supón unha caída da oferta dispoñible do 3,6%, isto é, neste mes ofertáronse case todas as prazas que estaban dispoñibles en marzo do pasado ano, pero dista moito dos niveis que habitualmente se ofrecían neste terceiro mes do ano –de 2017 a 2019 situábase no contorno das 53 mil-.

Fixamos a continuación as principais conclusións:

- En termos xerais a conxuntura turística no sector hoteleiro en Galicia cambia respecto do observado nos últimos doce meses. O resultado global é negativo pero de moita menor intensidade e con matices segundo o segmento que consideremos.
- Así, obsérvase un comportamento negativo das principais variables de demanda hoteleira de Galicia. Neste mes cae nun 4,1% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 3,9% o volume de noites en

relación ao mesmo período do pasado ano. Significa isto que o segmento hoteleiro conseguiu manterse en niveis de 2020 –en liñas xerais despois do visto nos últimos meses- pero dista moito dos volumes acadados en 2019.

- Unha vez máis este descenso leva a rexistrar un mínimo na serie histórica do mes de marzo con preto de 86 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 174 mil noites –en marzo de 2019 rexistrábanse 460 mil noites no conxunto da comunidade-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de 3.700 viaxeiros aloxados e de sete mil noites en relación ao mes de marzo do pasado ano. Son caídas de menor magnitude ás rexistradas no último ano e amosan probablemente o inicio dun cambio de tendencia.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento negativo xeneralizado pero con matices e diferenzas entre as comunidades autónomas. Así en marzo descende o nivel de demanda hoteleira na maior parte das comunidades autónomas –con diferenzas notables de intensidade- agás en dúas: Extremadura –que consegue mellorar as cifras de 2020 nun 3,7%- e Castela A Mancha –que se mantén a grandes trazos nos niveis do pasado ano-.
- Os descensos varían moito duns destinos a outros, sendo menos acusados en Navarra e Galicia – con caídas do 1,6% e 3,9% respectivamente- e moi notables nos arquipélagos de Baleares e Canarias –que rexistran descensos do 75% e 80% respectivamente-. Xustamente os principais destinos españois –Cataluña, a C. Valenciana, Andalucía, Baleares e Canarias- son os que peores resultados colleitan neste mes, con perdas que igualan ou superan o 50% interanual. A comparativa con 2019 é, por tanto, aínda peor.
- Neste contexto Galicia sitúase nunha posición relativamente aceptable pois a pesar da caída rexistrada neste mes colócase no grupo de comunidades do centro e norte peninsular de mellor comportamento en termos relativos.
- A nivel global a caída da demanda no conxunto de España sitúase no 58% para o número de noites, con algo máis de 3,5 millóns.
- Madrid –con preto de 580 mil pernoctacións hoteleiras- é o destino que neste mes lidera o mercado turístico hoteleiro a nivel estatal –absorbendo o 16,4% do total de España-. Acontece isto por segunda vez consecutiva e como excepción ao observado tradicionalmente na serie histórica de demanda hoteleira, de todos os períodos do ano. A situación actual na que destinos tradicionalmente máis notorios como Canarias, Baleares, Cataluña ou Andalucía, entre outros, sofren con maior medida as consecuencias negativas da crise e pasan neste mes de marzo a unha posición inferior. Habitualmente neste terceiro mes do ano –e na temporada baixa en xeral- é Canarias o destino de maior volume e peso no conxunto do Estado –en marzo do pasado ano lideraba o ranking estatal cun 31,6% do total-.
- Logo de Madrid, seguen en orde de importancia neste mes Cataluña –con 520 mil pernoctacións-, Canarias –moi preto, con case 519 mil-, Andalucía –con máis de 490 mil- e a C. Valenciana –con máis de 282 mil noites neste caso-. Estas cinco comunidades absorben en conxunto ao 68% do total da demanda hoteleira de España. A porcentaxe repártese no resto do territorio, situándose á cabeza deste segundo grupo Castela e León –con pouco máis de 178 mil noites-.
- Galicia ocupa a sétima posición –por detrás das seis anteriores- representando o 4,9% do total estatal –porcentaxe superior á que habitualmente rexistra a nosa comunidade-.

- En termos de mercado obsérvase por vez primeira no último ano un comportamento dispar dos tres grandes segmentos, con diferenzas tanto de sentido coma de intensidade.
- O turismo interno, dos residentes en Galicia, presenta un comportamento positivo superando nun 41% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 39% o volume de noites de marzo do pasado ano. Este cambio de tendencia respecto do observado no último ano ten que ver en grande medida co contexto actual de desescalada, no que se permitiron gradualmente as viaxes dentro de Galicia pero se limitaron ou prohibiron entre comunidades autónomas. Acontece isto nun mes no que se celebran ademais dúas festividades: a ponte de San Xosé e o inicio da Semana Santa, períodos que tradicionalmente xeran movementos turísticos de grande importancia.
- Este incremento supón a xeración de algo máis de 29 mil novas pernoctacións respecto do dato de marzo de 2020, ficando o nivel final do turismo interno en case 105 mil noites –dato que en todo caso aínda fica por debaixo do nivel de 2019 cando se situaba no contorno das 170 mil noites-.
- O turismo receptor nacional presenta en cambio unha caída do 26% na cifra de viaxeiros aloxados –rexistrando algo máis de 27 mil- e do 25% no volume de noites –con preto de 54 mil neste caso-. En termos absolutos o descenso supón a perda de 18 mil noites en relación ao dato de marzo do pasado ano, acadando con isto o nivel máis baixo da serie histórica. En consecuencia este mercado deixa de ser, por quinto mes consecutivo, o segmento máis importante representando tan só o 31% do total da demanda agora en marzo.
- O turismo internacional participa igualmente da dinámica negativa na liña do que se vén observando nos últimos doce meses. Rexistra unha caída global do 53% no volume de noites hoteleiras como consecuencia dun descenso da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 62% neste caso. Con isto o mercado internacional rexistra preto de 16 mil noites nos establecementos hoteleiros de Galicia –en marzo de 2019 este segmento achegábase ás 95 mil noites-.
- A disparidade de comportamento dos tres grandes segmentos de mercado está modificando a estrutura do mercado turístico galego gañando peso o turismo de proximidade, o interno neste caso –mellora en 19 puntos o seu peso absorbendo o 60% do total, converténdose así no segmento de maior importancia- e perdendo representatividade o turismo receptor tanto nacional –a demanda que procede do conxunto do Estado perde nove puntos- como o internacional –que baixa tamén en dez puntos a súa cuota de mercado ficando no 9%- . Este cambio vense observando con maior ou menor intensidade no último ano pero acentúase neste mes por mor do diferente sentido rexistrado polo turismo interno fronte ao receptor.
- A nivel territorial obsérvase igualmente un comportamento dispar da demanda, rompendo a tendencia de caídas drásticas e xeneralizadas do último ano. Neste sentido obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira nas provincias do arco atlántico –o volume de noites sobe un 7,2% en A Coruña grazas sobre todo a unha mellora da estadia media, e un 2,5% en Pontevedra como consecuencia principalmente dun incremento da cifra de viaxeiros aloxados- e, pola contra, unha dinámica negativa das dúas provincias restantes –o nivel de demanda cae un 13,8% en Lugo e un 32,4% en Ourense, por caída parellas da cifra de viaxeiros aloxados-.
- Isto modifica tamén a estrutura do mercado turístico galego a nivel territorial, gañando peso as provincias con resultados positivos. Con preto de 79 mil noites A Coruña é neste mes a provincia que presenta maior nivel de demanda –representa o 45% do total de Galicia-. Seguen en orde de

importancia Pontevedra –co 31% e máis de 53 mil noites- e a continuación Lugo e Ourense – ambas con aproximadamente o 12% do total da demanda-.

- Os resultados positivos das provincias de A Coruña e Pontevedra veñen como consecuencia dos incrementos rexistrados polo turismo interno, que supera con notable intensidade as cifras de marzo do pasado ano –sobe en particular un 76% en A Coruña e un 46% en Pontevedra-. A moso tamén un comportamento positivo en Lugo pero de menor intensidade –do 10%- e inferior á caída amosada polo mercado receptor neste caso.
- Neste contexto de caída global da demanda a estadía nos hoteis e pensións de Galicia mantense estable, situándose en dúas noites de media. Acontece isto por vez primeira nos últimos meses pois desde o inicio da pandemia, e sobre todo desde o verán pasado, Galicia viña rexistrando incrementos notables da estadía media que levaron a marcar máximos da serie histórica. Isto podía explicarse por dous efectos: a desaparición dos segmentos de demanda de viaxes curtas – negocios, por exemplo- e o propio incremento da duración das viaxes de ocio ou vacacionais.
- Neste mes rómpese a tendencia de crecemento comentada anteriormente e estabilízase a estadía media en valores máis propios da nosa realidade, ou cando menos máis parellos aos que normalmente se rexistran en Galicia. Con todo, segue estando por encima dos niveis da última década.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con catro noites de media, mentres que o País Vasco e Murcia rexistran a cifra máis baixa, con menos de 1,7 noites neste caso.
- O descenso do nivel de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible, de similar intensidade –tal como se comentou anteriormente o volume de prazas ofertadas descendeu un 3,6% en relación ao dato do pasado ano-. Tal circunstancia leva a unha estabilidade do nivel de ocupación, isto é, por vez primeira nos últimos doce meses a porcentaxe de ocupación hoteleira non descende en termos interanuais, e neste mes mantense estable no 14,4% -dista aínda 14 puntos da cifra de marzo de 2019-.
- En termos de ocupación a dinámica é tamén dispar entre as comunidades autónomas. Obsérvase neste mes un descenso xeneralizado pero de intensidade variable –a ocupación cae en doce destinos, presentando a caída máis notoria Canarias, cunha perda de 20 puntos porcentuais- coa excepción de cinco comunidades nas que se mantén estable –entre as que se atopa Galicia xunto con Estremadura, Castela A Mancha, Cantabria e Asturias-.
- Desta maneira o ranking varía novamente en relación ao pasado ano. Neste mes, e por segundo consecutivo, é Madrid o destino que rexistra o nivel de ocupación máis alto de toda España, cun 25,2% de media. A continuación sitúanse Baleares, Murcia e Canarias –cun promedio do contorno do 23% en todas elas-. No lado contrario Galicia marca o nivel de ocupación máis baixo, cun 14,4% de media. Neste contexto Galicia empeora a súa posición respecto do observado en meses anteriores se ben tradicionalmente marca unha das cifras de ocupación máis baixas do conxunto do Estado.
- As tarifas hoteleiras descenden neste mes, un 5,4% en particular, para situarse en 46,5 euros de ingreso medio por habitación ocupada. Caen as tarifas por novena vez consecutiva desde o inicio da pandemia se ben o descenso destes últimos cinco meses é notorio en relación ao observado no verán. En termos interanuais caen as tarifas hoteleiras por terceiro ano consecutivo no mes de

marzo –e catro veces nos últimos cinco anos- acadando con isto o nivel máis baixo da serie histórica.

- Os prezos hoteleiros descenden de forma xeneralizada nas diferentes comunidades autónomas, con diferenzas de intensidade, e dúas excepcións concretas: Baleares e a C. Valenciana –destinos que conseguen mellorar as cifras de marzo de 2020 nun 27% e 6% respectivamente-. As caídas son relativamente suaves en Canarias e Estremadura –onde as tarifas medias caen entorno a un 2%- e tamén en Navarra –cun descenso do 4%-, e moi acusada en A Rioxa –destino que presenta unha caída medias das tarifas hoteleiras do 27% interanual-.
- Con todo as tarifas medias varían sensiblemente dunha comunidade a outra, rexistrando as cifras máis elevadas Canarias –con preto de 103 euros de ingreso medio por habitación ocupada- e nun segundo grupo Baleares –con 89,3 euros- e Cataluña –con 73,5 euros neste caso-, e no lado contrario os niveis máis baixos en comunidades localizadas no norte e centro peninsular –Castela A Mancha, Galicia e Asturias, con menos de 47 euros neste caso-. Así pois a nosa comunidade rexistra unha das tarifas medias máis baixas do conxunto do Estado neste mes de marzo.
- A caída do nivel de demanda, engadido ao descenso dos prezos hoteleiros, leva neste mes a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira no conxunto da comunidade. O RevPAR hoteleiro cae nun 17,1% situándose en 8,6 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- Os establecementos hoteleiros de Baleares –con 33,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de marzo. Sitúanse por diante de Canarias –destino que tradicionalmente rexistra os valores máis altos-, que neste mes fica en segundo lugar no ranking con 29,9 euros. No lado contrario marca o valor máis baixo xustamente Galicia –con preto de 8,6 euros-.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento negativo a nivel das comunidades autónomas, con caídas xeneralizadas do RevPAR hoteleiro en todas elas agás en Baleares e Asturias –destinos que conseguen superar as cifras do pasado ano en case un 3% interanual-. As caídas son relativamente baixas en Navarra e Castela A Mancha –inferiores ao 10% interanual- e moi acusadas en Andalucía e Canarias –superan o 40% interanual-.
- A nivel xeral os establecementos hoteleiros de Galicia rexistraron neste mes de marzo uns ingresos totais levemente superiores aos 6,0 millóns de euros, cifra inferior á do mesmo período do pasado ano –cae en realidade nun 4,5%-, marcando desta maneira o nivel máis baixo da serie histórica deste mes. A perda achégase aos 300 mil euros en relación a un mes xa de por si moi malo, como foi marzo de 2020.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Marzo 2011-21




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Marzo 2021/20




Fig. 3. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Marzo 2021/20




Fig. 4. Evolución da estada media. Marzo 2011-21




Fig. 5. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Marzo 2011-21




Fig. 6. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Marzo 2011-21

